

A verdadeira historia de Currás

Ramón Díaz Raña

([As palabras subliñadas](#) remiten a ligazóns externas e documentos)

Incrible, amigos! Estando en plena canícula dígame: para refrescar a cachola nada mellor que mergullarse nas augas profundas da historia, algunhas xa conxeladas. A quentura e a suor confirmaron o meu erro. Pero douno por ben feito. Quero aforrarlle mareos a esa alma inqueda por saber, que aparecerá (!!)


dentro de 50 anos. Nesta xeira do “whasapeo” van ser poucos os que se atrevan a ler case once páxinas para coñecer como se cimentou o que hoxe é a [“Área recreativa de Currás”](#).

Pois si, custoume suores enguedellar o relato. Atrevinme a poñer por escrito os pasos que se deron ata chegar á piscina, asadeiros, herba (!) sintética ... dese ben lindo campo de recreo e alegre divertimento. (De momento soamente o coñezo polo internet). Se pasados uns anos alguén ten a necesidade de saber ... aquí o pode consultar. Nós acordámonos tarde para preguntar a [Ángel Gavín](#) e aos que en Sansa viviron as orixes do [Campo da Marquesa](#) para coñecer como se artellou todo aquel rebumbio; o mesmo pasa coas orixes da Cooperativa de Prospes. Varias veces lle teño dito a Ángel que se animara a escribira historia da Cooperativa. Decía que precisaba axuda. Para el so era moita lea.

Neste traballo votei man da inmensa riqueza de datos que hai en **“Fálame de San Sadurniño”**. Os inquedos por saber nunca agradeceremos debidamente os esforzos que tiveron que sufrir para reunir unha morea tan grande de feitos, historias e vivencias. Foron merecedores de premios e recoñecemento internacionais; espero que tamén cheguen premios e recoñecementos locais. Dáme a alma que por desgraza son máis os que pasan de todo; e que polo tanto non se valora este esforzo. FÁLAME é como un “google.sansa”. Se algo buscas, aí o vas atopar. Tamén neste caso tiveron que vir xente de fora para descubrir e valorar o que había na casa. Grazas, Manolo e Carme.

1.-AS ESCRITURAS

Os papeis empezan a cargarse con tinta o día un de setembro de 1946. Trátase dun [documento privado](#), escrito a máquina, no que aparece ao final, do puño e letra da propia Duquesa, a data e a firma. Ata daquela todo foran palabras.



As ideas dese [primeiro documento](#) repetiranse nos seguintes: “ ...me preocupan mucho las almas de los jóvenes ... deseando salvar esas almas, hago propietario al Sr. Cura de San Saturnino que hoy lo es D. José María Gavín Se convierta en una Sociedad deportiva para que acudiendo la juventud, se eviten los males antedichos”.

Tivo que haber moito barullo e desconcerto nun primeiro momento. Polo que toca á Duquesaponse de manifesto nese documento, no que hai dúas cousas chocantes e curiosas.

1ª) Non se di onde está a finca que se doa: “Un trozo de terreno que hoy cultiva el casero del palacio” . Algo sen pés nin cabeza: sería como doar en bitcoins. Un terreo que existe pero non se sabe onde está ... E, polo que toca aos de Sansa, tamén debían estar medio desconcertados por descoñecer onde pousaría esa finca que, de momento, estaba no aire.

Polo que teño ouvido -e mo confirma [Vitucho](#) de conversas co seu tío [Manolo](#)- parece que a idea inicial era aterrada -nunca mellor palabra para o caso- na finca de **Bastida**, pero o patrucio, temendo a un meteorito, opúxose redondamente. A alternativa foi na finca da familia de Rico; a quen ao segregarse esa parte do “seu” terreo, fixéronlles rebaixa nas rendas. (Faltaría máis).

2ª) Nese documento aparece que a finca que se doa “*tiene de cabida 500 metros cuadrados*”(¡!). Coñecín galiñeiros máis grandes. Dende logo é ben certo que nin a Duquesa nin o escribán tiñan idea do que se require para un campo de fútbol. Despois o notario de Madrid na escritura pública de doazón baixa a finca do aire, detalla ben a situación e a cabida: nove mil catrocentos vintecinco metros cadrados. Pero -pregunto eu- por que se fixo ese primeiro documento? Ademais sería inválido de raíz por non dicir onde está o terreo. Unha doazón no aire.

O párroco debeu consultar o tema no bispado e no mesmo escrito, polo revés, **Quiroga Palacios** (bispo de Mondoñedo , logo Cardeal de Santiago) exponlle con delicadeza e finura á doante: “*permitiéndome la indicación de la conveniencia de ratificar su donación a medio de documento público a favor de la referida parroquia*”. Con isto tratan de clarear dous puntos escuros no primeiro escrito: a) que non era doazón á persoa de D. José Gavín, e b) que os Notarios son caros, pero para algo valen. Nada din en Mondoñedo da cabida nin da situación. Están seguros que dese recado encargárase o Notario. O escrito do bispo fírmase o 15 de xaneiro do 47.

En efecto, seguindo o papeleo, a Duquesa firma en Madrid [escritura pública de doazón](#) o día 20 de febreiro do 47. Esa escritura ven a San Sadurniño e D. José Gavín remítea a Mondoñedo onde o 4 de abril firman documento autorizándoo a aceptar a doazón da finca. “ *Concedemos Nuestra (sic) representación y poder cuanto ha menester en Derecho ... a Don José María Porrás para que como tal Cura Ecónomo ... pueda aceptar y recibir para la Iglesia de manos de ...*” (Cousa ben rara: No bispado merendan o primeiro apelido de D. José). Coa escritura e coa autorización preséntase ante o notario **Barrenechea**, quen redacta un longo escrito - á

man e con boa caligrafía- no que fai constar que o Párroco acepta a doazón tendo para iso a debida autorización do bispado.

Remítese a Madrid o escrito, e o 19 de xuño comparece a Duquesa na notaría madrileña, onde se lle comunica oficialmente que o Párroco acepta a doazón. E así remata todo o papeleo.

E, mentres duquesas, bispos, cregos e notarios andaban enfrascados en papeis, os rapaces de San Sadurniño brincaban como corzos no novo campo, esquecendo dese xeito onde estaban as tabernas malditas. Teño que recoñecer que Dona María Natividad Quindós era unha adiantada para o seu tempo. O normal daquela (e quizabes tamén hoxe en día) era tratar de salvar almas con rezos, xaculatorias, avemarías ... Quen lle meteu na cabeza o de salvar almas por medio do deporte?. Salvar almas salvando primeiro corpos; e antes de nada, salvando cabezas!! (Canto me recorda isto o tempo que pasei colaborando no "Proxecto Home" de Santiago) . Ou estaría ela, xa daquela, viciada no fútbol?. Non o creo.

As intencións son ben claras. Pero poida ser que xamais se saiba quen prendeu o lume na cachola da Duquesa para tamaño incendio. Polo que di e repite nos documentos, o seu corazón levaba tempo ardendo por salvar almas e pechar tabernas. Eu pensaba que o arteiro fora D. **José Gavín**, pois -aínda que case non o coñecín- cadrábame co seu compromiso social e, ademais, o feito de ter participado na Guerra, habilitaríao para apuntar a presas de calquera tamaño. Pero atópome con que levaba aquí moi pouco tempo. O anuncio da doazón fíxose antes de que el viñera. Tampouco interesa demasiado saber quen moveu á Marquesa, pero é ese bicho que levamos dentro quen nos forza a fisgar no corazón do veciño, e a min faime cavilar que a Duquesa, despois do vivido na República, debía ter o ánimo revoltado.

Situémonos.

2.-ANTECEDENTES

No 1932 o Goberno da República decreta polas bravas a expropiación das fincas aos Grandes de España. Ela aparece na lista. Poida que por iso en abril do 33, tendo setenta anos e sen herdeiros forzosos, reúne aos caseiros no Pazo e promételles que á súa morte [as terras pasarían a eles en propiedade](#). Hai unha carta a [Manuel Rico Vigo](#) (pai de Manolo) datada o día 29 de xaneiro no Hotel María Cristina de San Sebastián na que se pode ler: *“diga a mis caseros a quienes quiero como hijos, cuanto y cuanto goza mi corazón de verlos dichosos con mi proposición!!!”* (As sinais de admiración ponas ela). Non resulta raro pensar que a “proposición” se refira ao que logo pasou en abril no mesmo pazo.

A prensa falou da noticia tratando despectivamente a Dona María de ex-duquesa. Apertábana con diatribas na prensa para que fixera efectiva a promesa. As esquerdas interpretaron o xesto como unha manobra máis da cregaxe e do sindicato católico. *“El hombre que ríe”* asinaba nos xornais duras reprimendas. No mes de xuño, os socialistas afirman que van celebrar un mitin mesmo fronte ao pazo.

Todo resulta moi raro; porque ... como vai doar as terras se os do Goberno teñen determinado que llas van quitar? Quizabes por iso os caseiros (menos as familias de Rico, a Veiga e a Rubiña) depositaban as rendas no Xulgado, esperando recuperalas algún día ...

Con todo este ambiente non é de estrañar que Dona María tivera a cabeza mareada e o estómago revolto. Nesta situación anímica e corporal fai a “proposición” no 33; proposta que levou o vento envolta nun suspiro. Influiría todo isto para a doazón do campo de deportes?. Non o sei, pero penso que si. En agosto do 1933, no *El Obrero [Órgano de la Agrupación Socialista Ferrolana y defensor de la clase trabajadora]* ‘El hombre que ríe’ afirmaba que a promesa de doazón das fincas da duquesa era una artimaña.

“Aquello de que la exduquesa de La Conquista hacía donación de las tierras a sus colonos, resultó lo que yo decía: que era un ‘camelo’. ... ¿Quiere hacer la exduquesa, de verdad, un acto de justicia, devolviendo las tierras a los colonos que las trabajan?. Conteste concretamente, que aún es

tiempo. El Gobierno acepta. ¿No lo hace así?. Entonces es una pura filfa todo eso del altruismo de esa señora. (...)” [El Obrero –agosto 1933]

Pouco despois veu o demo da Guerra. E, ao final, Los Grandes de España “volvieron por sus fueros”; e Os Pequenos de Sansa seguiron sendo caseiros moi queridos, pero a ilusión de ser propietarios afogou no río.

3.-EMPEZA O PARTIDO

Polo visto, foi precisamente no Hotel Atlántico de A Coruña onde a Duquesa anuncia a doazón dos terreos para o campo cando vai cumprir os 85 anos. (A noticia aparece na prensa 21-7-46). San Sadurniño ferve de emoción. [Perfecto Calvo](#), alcalde, e o Párroco organizan unha homenaxe o domingo día 8 de setembro do 1946, cadrando coa festa da Natividade da Virxe: Misa na igrexa, canta a Coral do Cura Fanego, fala D. José María Gavin, (había pouco que fora nomeado Párroco), entrégaselle unha placa conmemorativa ... O partido está ganado. Hai que celebralo. Pasando o tempo, parécelles pouco a homenaxe na igrexa; por iso o día 2 de setembro de 1950 o axuntamento, en Pleno extraordinario presidido por [Emiliano Calvo](#), aproba declarar filla adoptiva á señora Duquesa. E para que siga vendo as patadas entre os xogadores dos partidos no mesmo edificio do Concello sen pagar entrada “in saecula saeculorum” manda o alcalde que se coloque un cadro da señora no salón de Plenos. (O alcalde non pensaba nos “peloteos” e foras de xogo dos partidos que se celebran nos Plenos. Hai calvos que teñen ideas moi peludas).

Que máis se podía facer por unha persoa tan dadivosa?. Porque hai que lembrar que non soamente doou os terreos; tamén pagou os gastos para preparar o campo, sanealo, e construír a caseta de vestiarios. “*Ha hecho donación de un magnífico terreno de juego y de la “pasta” suficiente para el sostenimiento del equipo en embrión. ... Según nos informan el campo está siendo cerrado y su inauguración va a ser muy solemne*” (LA NOCHE 4-9-46).

Os de Sansa case non crían na doazón; por iso bautizaron o campo co nome de “La Marquesa”; que na fala normal dicíase: o campo “Da

Marquesa”; iso significaba, para quen non coñecera a historia, que aínda era dela. Quixeron agradecer o agasallo, pero confundiron aos oíntes non informados.

Os do equipo –“SD Sansa”–, cando viña algún de fora competir aquí e vían o novo campo, aseguraban fachendosos: “*e que nós temos unha Duquesa que manda pistón*”. Iso non servía para ganar os partidos, xa que ganaban cando non perdían.

[A Duquesa morre no 1953.](#)

3. SITUACION EN 1971. Cando cheguei a Sansa (xaneiro do 71) a caseta estaba arruinada e o campo descoidado. Tratamos de pórllle remedio. Acendemos velas por ver se aparecía algunha duquesa que nos socorrera. Non todas se acabaran, pero as nosas morreran. Tiña que ser a puro esforzo. Apoiándonos en **Américo Varela**, bo home e entendido construtor, animámonos a facer unha nova preto da estrada de Ferreira e non no fondal onde estaba a anterior. Levantáronse as paredes, dividiuse, púxoselle o tellado e, esmirrados con tanto traballo, deixouse así esperando que aparecera a condesa rica e dadivosa. Pero, contra todo prognóstico, a caseta acabou sendo refuxio de sapos e curuxas.

O equipo seguía competindo con éxito regular. Téñoos acompañado, facendo de taxista barato, a Cariño, Loiba, Meirás, Mera ... Non créndoa santa encomendábame á duquesa para que os rapaces non se romperan a crisma, non no partido precisamente, senón no post partido cando os perdedores querían ganar a sopapos o que non ganaran a patadas. De Mera teño tristes recordos. O meu oficio era poñer paz ... Que oficio tan complicado tamén nestes tempos en que se lían pais ilustrados contra pais tamén ilustrados!!

A idea da señora era que os rapaces aprenderan a ser bos e santos. Decía que así lles pasaba as nenas que aprendían bos modais na Escola dominical. Pero non se decataba que o campo de fútbol non é unha escola, nin hai monxas polo medio das pelotas. Sen necesidade de duquesas nin marquesas que doen campos de fútbol, eu lembro con

verdadeiro pracer aqueles partidazos que á noitiña xogaban os rapaces, e non tan rapaces, na praza do concello. Aquilo si que era diversión!. Con isto non digo que non fora preciso o campo de deportes.

[Conservas "El Cisne"](#) (Escritúrase o día 2 de novembro de 1985 no Ferrol. A reconversión Naval provocou a creación da ZUR (1963); de aí sae INTASA e CONSERVAS EL CISNE, autorizada esta no 85 e inicia as actividades en xullo do 86. Peche cautelar por contaminación 26-6-89. Xuizo no 91. Foi condenada e pechou).

Falan comigo **Manolito de Rico** e **Francisco Javier Piñeiro**, xerente da fábrica que se ía instalar. Interésanlle os terreos do campo para situar as naves de tal maneira que poidan ampliar ... Vexo razoable a proposta.

Ademais o campo da Marquesa tiña a parte Sur moi pantanosa. Non era doado saneala. Por iso xa varias veces se comentara nas reunións cos rapaces que o campo de fútbol estaría mellor situado na zona de Currás; faláramos -por falar- con algúns propietarios (Carnero, Salvador ...) e, en principio, estarían dispostos a vender. Foran conversacións sen ningún compromiso. Esperábamos a aparición doutra dadivosa duquesa. Pero agora, sen soñalo, o que apareceu foi un novo marqués.

NO BISPADO. Con estas por diante preséntome no bispado. Expoño a situación e pídenme [Informe escrito](#) para tratalo na comisión de asuntos económicos. Nestes intres convoco á parroquia ([Carta citación](#)) para unha reunión co fin de expoñer o tema e ver o parecer da freguesía. Asistiron uns 25 homes. (Con isto afirmo que non había ningunha muller). A xuntanza foi no adro da igrexa. O que máis participou foi **Fernando Calvo**. En xeral pareceu ben a operación.

A VENTA AO CISNE. O Bispado vende a “Conservas El Cisne” na Notaría do Ferrol o día 2 de novembro do 85. De seguida mándanme [autorización](#) para que merque os novos terreos en escritura privada á nome do Bispado. E mándame tamén o cheque por valor de 942.500 pts. Hoxe recoñezo que daquela eu era un santo. Se fora agora cos aires corrompidos que ventilan as neuronas colectivas houbérame escapado

para Cancún xogar un partido con Villar. A un pobre como min dálle mareos ter na carteira un cheque por valor de un millón de pesetas. Parece que me queimaba. Os pobres non valemos para nada. Fun á presa levalo á Caixa para que **Martín** o custodiara.

Lista de propietarios: (hai unha foto do polígono: [planos e propietarios](#))

4).-A COMPRA. Lembro agradecido o apoio que me prestaron **Manolito de Rico** e **Miguel Sanjurjo**, pacientes escoitadores de lérias infinitas nas que soubemos manter o tipo e saír ilesos. En xeral os propietarios responderon bastante ben agás os que detallarei. Algúns eran entusiastas da idea; outros deron voltas, discutían prezo ... pero, por non dicirle que non ao señor Cura, acabaron firmando. Aquí repetiuse o que pasara había anos en Santa Mariña cando a venda do monte O Carveiral. O peso da miña autoridade –outros dirían do “gran cacique”- deixábase sentir. Estou por asegurar que se o crego non estivera por medio, non se houbera logrado. (E, aínda así, non se logrou de todo como se verá).

O caso máis recalcitrante foi o da familia **DEVESA**. (Ver as [cartas na documentación](#)). Fun por dúas veces a Pontevedra para falar polo miúdo; mantivemos longa correspondencia, falamos por teléfono ... Todo inútil. Por mais voltas que lle din, non foi posible ningún acordo. Mantiñan un certo resentimento contra Sansa. Non querían facer favores; nin os esperaban. Completamente pechados.

O outro caso duro foi o referente á finca de **Juan e Etelvina** dos Corrás. Falei con eles. Retorcíanse. Eu lembraba as lérias que xa había anos, no empezo da década dos setenta, tivéramos que escoitar cando abríamos a pista que vai da Feira a Prospes. Aínda hoxe, despois de tantos anos, estou vendo a **Juan e Etelvina** na esquina da finca que dá á casa do Portugués (despois Gonzalo, hoxe ..) case caendo encima da pala que escaravellaba no valado. Aquelo era un perigo! Agora co do monte, para sacarme do medio -sen atopar máis razóns que escusas- dinme que fale con **Ángel**, o fillo. Efectivamente falei veces e veces con Ángel. Xa que de deportes se trataba, pasábanse a pelota os pais ao fillo e o fillo aos pais.

Pasando o tempo a cousa foise aclarando. Como xa se falaba de que os terreos serían cedidos ao Concello e resulta que **Ángel** encabuxara cos seus propios compañeiros de Corporación atopaba aquí o martelo co que petar no ferro. E así foi. Eu non sabía a que santo encomendarme e din o asunto por imposible. Agora non recordo ben, pero penso que o Alcalde tivo que pedir axuda á Xustiza para arranxar o tema; como pasou co da familia Devesa.

Con **Lito de Malvar** houbo tamén voltas e revoltas. Recordo conversas telefónicas nas que pretendía demostrar que o seu cachiño de terreo era o melloriño de todos pola situación que tiña. Eu retrucáballe que a finca grande que lle quedaba víase revalorizada un cento por cen pola situación que lle daba o novo campo de deportes. El non entendía e eu tampouco. Xa se sabe que non entende quen non quer entender. Ao final firmou a venda.

O caso máis curioso foi facérmonos coa propiedade da finca de **Avelino López Loureiro**. A viúva, **Elisa Rodríguez Arce**, tiña dereito ao usufruto, pero os herdeiros eran os vinte sobriños. A todos houbo que buscar e todos firmaron a escritura sen ningún problema.

A compra fíxena eu en [documento privado](#) a nome do Bispado, pagando os correspondentes dereitos reais por cada finca. Na documentación vai a copia dunha escritura, como mostra. Así foron todas. Estas serviron para logo facer a doazón ao Concello por parte do bispado.

A pouca madeira válida que había mercouna **Eladio Sande** (Santa Mariña); os fillos de **Aniceto** (tamén de Santa Mariña) cos tractores e “retobatos” machucaron toda a maleza da finca. Máis tarde veu unha pala carterpillar de Moeche. Arrincou cepos, desfixo valados, estragou raposeiras ... e empillou todo. Tiñamos idea de prenderlle lume aos montóns pero, por medo ao lume, creo que non o fixemos. Para estes gastos tivemos unha subvención da Deputación. Quero lembrar que foi de cen mil pesetas.

E así pasou do Bispado ao Concello. Aportei un [Informe Final](#) e as escrituras de compra en documento privado. En marzo do 89 o Bispado ofertou a [doazón ao Concello](#).

5),.REFLEXIÓN FINAL. Vendo desde o internet as instalacións deportivas de Currás (eu aínda non as pisei) estou satisfeito de toda a operación. Sempre valorei que no bispado creran na miña proposta: pasar a propiedade ao concello mantendo a idea da doante. E celebraríade verdade que sexa un lugar de san divertimento para todo o mundo. Descoñezo a súa actividade. Oxalá teña moita vida. Poucos serán os que cando coman o churrasco, xoguen o fútbol, ou mollen a barriga na piscina teñan unha lembranza para [Dona María de la Natividad Quindós y Villarroel](#). Así é a vida. Tampouco se lembran de Xulio César cando paseaba polo Transtévere.

Cáceres, verán do 2017